

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

EXTRACTO do 22 de xaneiro de 2025 da Orde do 7 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN519B).

BDNS (Identif.): 812970.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarios

Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. As solicitudes poderanse presentar individualmente ou de forma conxunta baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou calquera outra similar).

Segundo. Obxecto

Mellora dos servizos e acondicionamento de infraestruturas existentes ou de nova incorporación, co fin de que as empresas radicadas nos parques empresariais de Galicia poidan dispoñer de condicións máis competitivas para desenvolver a súa actividade económica.

Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 7 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento IN519B).

Cuarto. Contía

Importe total da convocatoria: 3.032.718,00 euros.



Intensidade das axudas: 80 % do importe total considerado como subvencionable, cun máximo de 120.000,00 € para as solicitudes individuais e de 138.000,00 € para as solicitudes conxuntas.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da Orde do 7 de xaneiro de 2025 no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Poderase anticipar ata o 25 % do importe da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2025

María Jesús Lorenzana Somoza
Conselleira de Economía e Industria

